

Concello de Covelo

Expediente núm.: 1295/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

DECRETO DE ALCALDÍA

O Concello de Covelo ten previsto editar 2.000 Calendarios de parede de 24 páxinas, con brillo 150 e con cuberta tamén en brillo 300 GR, impresos a color y perforados, nos que se incluírán 12 fotografías de interese turístico, cultural e patrimonial das catorce parroquias que forman o concello de Covelo. Dito calendario do ano 2025 editarase no mes de decembro e repartirase na época de nadal en tódolos domicilios dos veciños e veciñas do concello de Covelo.

A selección das fotografías realizarase mediante un Concurso e para o desenvolvemento do mesmo, en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO: APROBAR AS SEGUINTEs BASES:

V CONCURSO FOTOGRÁFICO CALENDARIO CONCELLO COVELO 2025 “COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO” SÁBADO 23 DE NOVEMBRO DE 2024

BASES E CONVOCATORIA QUE REXERÁN O V CONCURSO DE FOTOGRAFÍA PARA A TEMÁTICA DO CALENDARIO DO CONCELLO DE COVELO 2025 “COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO”.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria, o fomento da participación da veciñanza en actividades de índole artística e creativa no concurso de fotografía COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO.

2. CREDITO ORZAMENTARIO

Destínase **420 €** con cargo á partida 432.226.02

3. PARTICIPANTES

Poderán participar todas as persoas interesadas.

Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que se considera que os/as nenos/as non teñen que verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado (fillos ou parella).

A participación nestes concursos supón a plena aceptación das presentes Bases e a conformidade coas decisións do xurado.

4. INSCRICIÓNS

O prazo de admisión no concurso abrirase o 7 de outubro de 2024 e o prazo de inscrición



Concello de Covelo

pecharase o venres 22 de novembro de 2024, ás 13.30 h. As fotografías deben presentarse na Biblioteca Municipal ata ás 13.30 h. do día 22 de novembro de 2024.

5. REQUISITOS

Presentación das fotografías: fotos en cor ou en branco e negro, de tema COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO. Deben ser impresas en papel fotográfico **horizontal** de tamaño 21x30 cm. (300 p.p.) e tamén en formato dixital. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.

As fotos serán presentadas baixo un código escrito no respaldo da fotografía facilitado na biblioteca, e sen datos do autor.

Irán acompañadas dun sobre pechado, e no exterior deste figurará o mesmo código que o das fotografías e no interior do sobre depositarase unha nota co nome, apelidos, domicilio e teléfono de contacto do autor.

6. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

Celebrarase o sábado 23 de novembro de 2024 ás 19.30 h. no auditorio municipal do Concello de Covelo, onde se exporán as fotografías presentadas.

7. COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará formado por diversas persoas cualificadas para exercer esta función, en número impar, presidido polo Alcalde, e actuando como secretaria, a xuíza de paz do concello de Covelo.

Vogais: 3 FOTÓGRAFOS/AS.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO XURADO

O Xurado considerará, prioritariamente a creatividade, o vigor da imaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a sintonía co lema “COVELO, TURISMO, CULTURA E PATRIMONIO”, valorando de 1 a 10 puntos a calidade, e de 1 a 10 a orixinalidade. O fallo do xurado levarase a cabo o mesmo día do concurso, onde se terán expostas as obras presentadas.

9. PREMIOS

Establécense 3 premios.

1º PREMIO: a elixir entre unha das seguintes opcións:

- **Opción 1:** Curso de fotografía intensivo de 2 días e unha duración total de 8 horas. Poderá ser presencial ou online (segundo as posibilidades de desprazamento do/a premiado/a) e tratará da teoría e manexo de cámara dixital.

- **Opción 2:** Experiencia de fotografía en montaña de 1 día/noite. Consiste na experiencia dun día de duración de saída de aventura na natureza con pernocta en vivac ou refuxio e realización de fotografías e interpretación do patrimonio natural. O lugar será no territorio no propio concello e saída pola tarde, pernocta, percorrido pola mañá do día seguinte e retorno ó punto de saída.



Concello de Covelo

2º PREMIO: 2 ampliacións fotográficas de 40x30 cm sobre soporte ríxido (tipo Dibond), ou ben copia en papel museo para colección (sen montaxe) dunha imaxe do/a premiado/a. Non se inclúe o enmarcado.

3º PREMIO: 1 ampliación fotográfica de 40x30 cm sobre soporte ríxido (tipo Dibond), ou ben copia en papel museo para colección (sen montaxe) dunha imaxe do/a premiado/a. Non se inclúe o enmarcado.

Os premios faranse efectivos en colaboración coa Concellería de Cultura do Concello de Covelo.

Os/as participantes que presentasen imaxes e non resultasen galardoados/as con algún dos tres premios antes descritos, recibirán unha copia da súa imaxe en papel fotográfico.

Para elo, tódalas imaxes deben garantir as seguintes dimensións e resolucións mínimas de impresión no arquivo dixital:

- Tipo de arquivo: .jpeg
- Dimensións mínimas do seu lado curto: 30 cm ou 2835 píxeles.
- Resolución mínima: 240 ppp.

Se o arquivo non garantise estas características, a impresión realizarase ó máximo tamaño e calidade que o arquivo soporte.

10. RESPONSABILIDADE E PROPIEDAD INTELLECTUAL

A organización non se fai responsable de extravíos ou danos que poidan sufrir as fotografías presentadas ó concurso.

Os participante no concurso cederán ó Concello de Covelo a propiedade das fotografías.

Ó mesmo tempo, o Concello de Covelo adquire en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes á todas as fotografías presentadas, e poderá libremente e sen pago de mais prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado no artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar as obras por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.

O Concello de Covelo, gardase o dereito de quedarse e utilizar as fotografías que deste concurso se deriven para uso exclusivo de promocións turísticas ou culturais e precisamente neste caso para a edición do calendario do Concello de Covelo 2025.

11. PUBLICIDADE

As bases e a súa convocatoria publicáronse no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Covelo.

Covelo, na data que figura na marxe

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

